

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA , PARA O PROGRAMA DO INCREMENTO DOS SERVIZOS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL A TRAVÉS DA COMUNICACIÓN SOCIAL E A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NO EXERCICIO 2025

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Dona María Alonso Mesía c [REDACTED] que actúa en nome e representación da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia , co NIF G15068091, en virtude da súa condición de presidenta dela, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto no artigo 36 dos seus estatutos como recolle o acordo da Asemblea Xeral do 15 de xuño do 2024.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con

outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de Asociacións co número 2004/000107-2ª, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas xordas, xordo cegas e con discapacidade auditiva de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade. A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0204.

V. Que a Lei 10/2014 de 3 de Decembro, de accesibilidade de Galicia fundaméntase, entre outros, no principio de accesibilidade universal, entendida como a "condición que deben cumprir as entornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade da maneira mais autónoma posible" e establece que este principio "presupón a estratexia de deseño para todas as persoas e se entenden sen prexuízo dos axustes razoables que deban adoptarse".

De forma específica, no seu artigo 34, establece que "as administracións públicas promoverán a supresión de barreiras de comunicación e o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, tales como os intérpretes de lingua de

signos, que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación, en todos os ámbitos e segundo o establecido na Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas”.

VI. A Lei 26/2001, de 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, introduce na Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico a esixencia de accesibilidade nas páxinas de internet e redes sociais .

VII. A Lei 27/2007, do 23 de outubro, no seu artigo 14 establece que as páxinas e portais da internet de titularidade pública ou financiados con fondos públicos adaptaranse aos estándares establecidos en cada momento polas autoridades competentes para lograr a súa accesibilidade ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas mediante a posta a disposición dentro destas dos correspondentes sistemas de acceso a información na lingua correspondente ao seu ámbito lingüístico.

VIII. O Real Decreto 674/2023, de 18 de xullo, polo que se aproba o Regulamento das condicións de utilización da lingua de signos española e dos medios de apoio á comunicación oral, vén reforzar, no seu artigo 11, o papel das administración na procura da accesibilidade das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas á comunicación e información e ao exercicio dos seus dereitos .

IX. A Lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, no seu artigo 10 recolle que a Administración pública autonómica establecerá os medios e procedementos para eliminar progresivamente as barreiras de carácter comunicativo, que puideran limitar a participación na cultura en Galicia.

X. A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia leva a cabo o Programa específico para o incremento dos servizos de accesibilidade universal a través da comunicación social e á sociedade da información no exercicio 2025.

As actividades previstas neste programa suporán un incremento con respecto á programación xeral subvencionada de xeito nominativo nos orzamentos xerais da Comunidade autónoma, xa que supón a incorporación da lingua de signos á páxina web e ás redes sociais da entidade, e o reporte de información a medios de

comunicación.

Tendo en conta que se trata dun programa non previsto inicialmente na programación xeral, este programa ten un carácter especializado con respecto á atención ao colectivo de persoas xordas noutros servizos da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, o fomento da comunicación accesible.

Conforme ao exposto, é de interese da Consellería de Política Social e Igualdade fomentar as ditas medidas de accesibilidade coa concesión dunha subvención directa a través da formalización dun convenio de colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para financiar o incremento dos servizos de accesibilidade universal a través da comunicación social e da sociedade de información para o ano 2025.

XI. Este programa goza da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto no artigos 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos que se prevé a posibilidade de exceptuar, con carácter excepcional, o réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e para o caso daquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia é a única entidade de iniciativa social e de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas xordas. Así mesmo, a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia é unha das principais ferramentas de información accesible das persoas xordas da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta actividade de comunicación externa, cada vez máis importante para as entidades sociais e máis útil, pola súa inmediatez e axilidade, para as persoas xordas galegas, supón a necesidade dun área específica de comunicación accesible que require de persoal e equipamento específico.

XII. As actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a

Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, e as específicas necesidades inherentes á promoción de accións de divulgación e fomento en materia de accesibilidade universal e deseño para todos, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o incremento da accesibilidade universal a través da comunicación social e da sociedade da información no exercicio 2025, baixo o réxime establecido nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e actuacións*

O obxecto do presente convenio é contribuír, a través da concesión directa dunha subvención pública, ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade á posta en marcha das actuacións que a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2025 a través dun programa específico para incrementar a accesibilidade universal a través da comunicación social e da sociedade da información.

As actuacións previstas para a execución deste programa no 2025, financiadas pola Consellería de Política Social e Igualdade son as seguintes:

a) Fomento da accesibilidade a contidos de interese público.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia é unha das principais ferramentas de información accesible das persoas xordas da Comunidade Autónoma de Galicia e manterá actualizadas na súa web institucional unha importante cantidade de información vinculada a axudas, recursos sociais e culturais accesibles promovidos

pola Xunta de Galicia, de interese xeral para toda a poboación e de interese específico para o colectivo de persoas xordas.

Para achegar información de interese público ao colectivo de persoas xordas, a metodoloxía de traballo consiste na selección da información de interese xeral, resume e adaptación á lingua de signos. Isto supón un traballo de recepción de información e organización, que é reportada polas áreas estratéxicas e servizos da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.

Unha vez seleccionada a información e elaborado un extracto en texto, un especialista en Lingua de Signos Española (persoa xorda nativa da lingua de signos) fai a adaptación dese contido á lingua de signos para que sexa gravado e editado en vídeo polas persoas técnicas multimedia. A edición inclúe o subtitulado para completar a accesibilidade .

Nas publicacións que se fan destas informacións na páxina web, ademais do vídeo signado e subtitulado, engádese o texto da noticia tanto en castelán como en galego.

Por último, difúndese a través das seguintes canles:

- <https://www.faxpg.es/noticias-es.html> Para as publicacións das informacións de interese xeral
- <https://www.faxpg.es/convocatorias-publicas-lse-es.html> Para as relativas a recursos e axudas públicas fanse na sección Convocatorias públicas en LSE
- <https://www.faxpg.es/museos-parques-naturales-accesibles-es.html> Para a accesibilidade ás persoas xordas dos museos e parques naturais de Galicia.

b) Comunicación institucional da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia accesible.

A área de comunicación externa ten como misión garantir e reforzar a difusión da misión da organización, co fin de que a entidade sexa un referente na atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva.

En relación á comunicación online, publícase información institucional actualizada diariamente a través do seu principal canle de comunicación externa, a web

institucional e redes sociais, con contidos en Lingua de Signos. O obxectivo é dar visibilidade aos seus grupos de interese .

Para elaboración de materiais de comunicación externa para a difusión de información institucional o equipo de traballo desenvolve dúas liñas fundamentais:

- Por una banda, realizan un exhaustivo seguimento das actividades da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia e elaboran o contido e accesible en lingua de signos para a súa publicación on line.
- Por outra, xestiona e diseña os formatos de comunicación en liña da información institucional da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, reportada polos servizos e áreas estratéxicas.
- Ademais, desenvolven accións de deseño, edición e difusión de pezas informativas e de sensibilización sobre temáticas específicas sobre a accesibilidade e a lingua de signos. Neste ámbito é esencial o papel dos especialistas de lingua de signos. É fundamental, neste apartado, adaptar o material ás diferentes canles de difusión institucional da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia o que supón, para cada noticia, unha perspectiva de comunicación e formato diferente en función das plataformas na que vai ser publicada. Estas canles son:

www.faxpg.es

<https://www.facebook.com/faxpg>

<https://x.com/faxpg>

https://www.instagram.com/faxpg_galicia/

<https://www.linkedin.com/company/faxpg/>

<https://www.youtube.com/c/FAXPGvideos>

<https://bit.ly/whatsappfaxpg>

Newsletter_web

No deseño e desenvolvemento das actividades do programa a subvencionar a través

deste convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia é de 154.239,64 €.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará para o cumprimento do convenio no ano 2025 un total de cento corenta e nove mil euros (149.000,00 €), que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.481.1

TERCEIRA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades que conforman o programa a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CUARTA. Gastos subvencionables

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira.

Trátase dos gastos de persoal necesarios para o desenvolvemento de ditas actuacións, tal como aparece desagregado na memoria económica.

QUINTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da entidade, para poder ser beneficiaria da subvención:

a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e programas, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política social e Igualdade, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade, en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións que se subvencionan por medio deste convenio e nos lugares onde estas se realicen "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Asemade, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actuacións que conforman o programa que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, e farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio, achegando a documentación prevista na cláusula novena.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou a documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

OITAVA. Documentación xustificativa

1. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 30 de decembro de 2025, e se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ás actuacións que conforman o programa subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados especificando o importe que corresponda a cada unha das actuacións subvencionadas, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

2. Para os efectos de xustificación, unha vez rematadas todas as actuacións que se

subvencionan a través deste convenio, e en todo caso con data límite do 30 de decembro de 2025, a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia remitirá á Dirección xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade a conta xustificativa e a xustificación do emprego da cantidade total das actuacións desenvolvidas.

Para isto, a entidade deberá achegar a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das actuacións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas que forman parte das actuacións das que consta o programa que se subvenciona ao abeiro deste convenio.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actuacións realizadas, que conterà:

1.º Unha ficha resumo dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento xustificativo do gasto, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

2.º Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no 1º parágrafo.

3.º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actividades que conforman o programa subvencionado obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

4.º Os 3 orzamentos solicitados pola entidade beneficiaria, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5.º Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos

de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra b) e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designada pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, achegarase o informe da revisión efectuada pola referida persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º. Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións que conforman o programa subvencionado a través do convenio como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.

2º. Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes, e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3º. Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.

4º. Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

5º. Verificación do importe global percibido pola entidade beneficiaria como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado ao financiamento das actuacións que conforman o programa a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservarlos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na

lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á subvención concedida e o seu reintegro, ou da parte proporcional non xustificada e as demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento dos gastos imputables ao mes de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2026.

NOVENA. *Incumprimentos, reintegros e sancións.*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño .

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita

proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 65% das actividades que conforman o programa obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto do programa a subvencionar a través de dito convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DECIMO PRIMEIRA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa

suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das accións englobadas no programa a subvencionar a través do presente convenio que realizase a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución

dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Tódalas cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo, as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade. Os seus acordos esgotan a vía administrativa.

Contra estes acordos cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa ou se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto

presunto. Directamente poderá interpoñerse o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asinano ambas as dúas comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

A presidenta da Federación de
Asociacións de Persoas Xordas de
Galicia

Fabiola García Martínez

María Alonso Mesía